

Norma	Condición	Contido
Evitar a compactación e manter a estrutura dos solos	Utilización da maquinaria axeitada	En solos saturados, así como en terreos enchoupados, salvo os de arroz, ou con neve, non deberá realizarse a labra nin pasar ou permitir o paso de vehículos sobre o terreo, salvo naqueles casos considerados de necesidade pola autoridade competente. Para estes efectos, considéranse casos de necesidade os relacionados coas operacións de recolección de colleitas, fertilización de cobertoira, de tratamentos fitosanitarios, de manexo e de subministración de alimentación ao gando, que coincidan accidentalmente con épocas de chuvias.
Garantir un nivel de mantemento e prever o deterioro dos hábitats	Mantemento de pasteiros permanentes	As superficies de pasteiros permanentes deberán manterse en condicións adecuadas, evitando a súa degradación e invasión por matogueira. Para isto poderase optar por manter unha nivel mínimo de carga gandeira efectiva que será igual ou superior a 0,1 UGM/ha. Por enriba deste nivel mínimo poderanse establecer, conforme o tipo de pasto e as condicións locais, os niveis mínimos e máximos de carga gandeira efectiva que se consideren máis apropiados en función de distintos agro-ecosistemas. En caso de pendentes maiores do 20%, as comunidades autónomas poderán establecer unha carga máis reducida. De forma alternativa, no caso de non alcanzar os oportunos niveis de carga gandeira efectiva, será requisito obrigatorio realizar un labor de mantemento adecuado que evite a degradación do pasteiro permanente de que se trate e a súa invasión por matogueira.
	Protección dos pasteiros permanentes	Non se poderán queimar nin decruar os pasteiros permanentes, salvo para labores de rexeneración da vexetación, e, no caso de rexeneración mediante queima, será necesaria a autorización previa e o control da Administración competente. En todo caso, será obrigatoria a adopción de medidas destinadas á protección do arborado na zona da queima e no seu contorno.
	Mantemento dos elementos estruturais	Non se poderá efectuar unha alteración dos elementos estruturais definidos no artigo 10º desta orde sen a autorización da autoridade competente. Exceptúanse desta obriga a construción de paraxes para a corrección de cavorcos, regueiros e socalcos, así como as operacións de refinación de terras que se realicen naquelas parcelas que se vaian dedicar ao cultivo de arroz e outros de regadío.
	Prohibición de arrancar oliveiras	Cando o órgano competente da comunidade autónoma considere que existe un elevado risco de abandono da produción agraria, de despoboamento ou outras razóns que así o aconsellen, poderá establecer zonas en que non poderán arrincarse oliveiras sen que estas sexan substituídas.
	Prevenção da invasión das terras agrícolas por vexetación espontánea non desexada	Será obrigatorio o mantemento das parcelas en condicións apropiadas para o seu cultivo, mediante o control da vexetación espontánea non desexada. Considéranse especies herbáceas non desexables: <i>Senecio spp</i> , <i>Rumex spp</i> e <i>Cirsium spp</i> . Tal obriga quedará sen efecto unicamente naquelas campañas excepcionais en que, como consecuencia de condicións meteorolóxicas adversas, resultase imposible proceder no momento adecuado á súa eliminación.

Boas condicións agrarias e ambientais

Norma	Condición	Contido
	Mantemento das oliveiras e viñedos en bo estado vexetativo	Realizar as podas coa frecuencia tradicional de cada zona para o mantemento das oliveiras en bo estado vexetativo. Realizar as podas coa frecuencia tradicional de cada zona para o mantemento dos viñedos en bo estado vexetativo.
	Mantemento dos hábitats	Non se poderán abandonar ou verter materiais residuais procedentes de actividades agrícolas ou gandeiras sobre terreos enchoupados ou con neve nin sobre augas correntes ou estancadas. Non se poderán aplicar produtos fitosanitarios, fertilizantes, lodos de depuradora, compost, xurros ou esterco, nin limpar a maquinaria empregada para estas aplicacións sobre terreos enchoupados ou con neve nin sobre augas correntes ou estancadas. Exceptúase desta prohibición a aplicación de fertilizantes e tratamentos fitosanitarios en parcelas de cultivo de arroz. Para evitar o risco de filtración e contaminación das augas superficiais e subterráneas, as explotacións gandeiras en estabulación permanente ou semipermanente deberán dispor e utilizar tanques de almacenamento ou fosas, esterqueiras e balsas impermeabilizadas natural ou artificialmente, estancas e con capacidade axeitada ou, no seu caso, dispor da xustificación do sistema de retirada dos esterco e xurros da explotación.
	Uso da auga e rega	Para as superficies de regadío o agricultor deberá acreditar o seu dereito de uso da auga de rega concedido pola Administración hidráulica competente. Os titulares das concesións administrativas de augas e todos aqueles que por calquera outro título teñan dereito ao seu uso privativo estarán obrigados a dispor dos sistemas de control da auga de rega establecidos polas respectivas administracións hidráulicas competentes, de forma que garantan unha información precisa sobre os caudais de auga efectivamente empregados.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Resolución do 18 de marzo de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do I Convenio colectivo de actores e actrices de teatro de Galicia.

Visto o texto do convenio colectivo de ámbito autonómico (código de convenio 8201015), de actores e actrices de teatro de Galicia, que se subscribiu o 18 de febreiro de 2009, entre a representación empresarial e os representantes dos traballadores, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de conve-

nios colectivos de traballo, a Dirección Xeral de Relacións Laborais

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do referido convenio colectivo no Rexistro Xeral de Convenios desta dirección xeral, con notificación á comisión negociadora.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2009.

Pilar Cancela Rodríguez
Directora xeral de Relacións Laborais

I Convenio de actores e actrices de teatro de Galicia

Preámbulo:

Este convenio nace da patente necesidade de contribuír á normalización do desenvolvemento do feito teatral en Galicia e dada a total ausencia de referentes válidos para a regularización laboral do sector. De tal maneira, e comprobado o interese de todas as partes por contribuír a este fin, todos os asinantes recoñécense mutuamente como pezas imprescindibles e indisolubles para a consolidación da cultura teatral deste país e, en consecuencia, da cultura en xeral. Consideramos tamén que este convenio contribuirá de forma decisiva á promoción e consolidación da profesión teatral en todos os seus ámbitos: actores e empresas e, nun futuro desexable, o resto dos colectivos implicados: técnicos/as, directores/as, etc.

Este convenio nace coa vocación de ser considerado como unha referencia no plano das artes escénicas.

Artigo 1º.-Ámbito funcional.

Este convenio colectivo afectará a todas as empresas e a todos os actores-actrices, no sucesivo denominados artistas neste documento, contratados por aquelas, que desenvolvan a súa actividade en representacións teatrais en vivo ante os/as espectadores/as, en calquera dos seus xéneros, ben sexa en producións públicas, privadas ou coproducións.

Artigo 2º.-Ámbito territorial.

Este convenio colectivo afectará a todos os contratos, calquera que sexa a súa modalidade, que se formalicen dentro do ámbito da Comunidade Autónoma galega entre os/as artistas e os empregadores públicos ou privados, en adiante a empresa.

Artigo 3º.-Ámbito persoal.

Este convenio colectivo será de aplicación obrigatoria a todos os/as artistas que presten os seus servizos segundo o establecido na cláusula 1.

Artigo 4º.-Vixencia.

A vixencia deste convenio será de catro anos a partir do 1 de xaneiro de 2009. Quedará prorrogado tacitamente por sucesivos períodos dun ano, de non ser obxecto de denuncia escrita por calquera das partes que o subscriben, formulada cunha anterioridade de dous meses á data de vencemento do prazo respectivo. Despois dos primeiros catro anos logo da sinatura deste convenio, e no caso de non ser denunciado por ningunha das partes, as retribucións mínimas garantidas, axudas de custo, e demais cláusulas económicas reguladas neste convenio terán un aumento, a partir do primeiro do mes de xaneiro, igual ao experimentado polo IPC real do ano anterior.

Artigo 5º.-Dereitos adquiridos.

Respectaranse individual ou colectivamente as condicións económicas, artísticas e doutra índole que fosen máis beneficiosas ca as establecidas neste convenio colectivo, consideradas no seu conxunto.

Artigo 6º.-Obxecto, contido e asinamento do contrato.

Todos os/as artistas afectados por este convenio colectivo desenvolverán a súa actividade exclusivamente baixo as fórmulas de contratación laboral previstas no artigo 8º deste convenio.

1. En cada contrato de traballo deberá constar:

-Nome do traballador/a e, de ser o caso, nome do apoderado/a que o represente.

-Nome artístico do traballador/a.

-Papel ou papeis para o/s que é contratado o artista de acordo co especificado nos artigos 7º e 13º deste convenio.

-Identificación da obra: título (mesmo sendo provisional), autor/a e director/a.

-Datos da empresa e da persoa responsable con representación legal.

-Salario que lle corresponde, importe das axudas de custo e demais conceptos que integren a remuneración así como as deducións que marca a lei.

-Prazo de vixencia.

-Categoría profesional.

-Duración do prazo de ensaios.

-Condicións especiais do traballo, se as houberse.

-Tipo de contratación (de acordo co especificado no artigo 8º deste convenio), período e forma de cobro.

2. Cando así o acorden as partes, o contrato recollerá o pacto de exclusividade previsto na lei, que será de aplicación unha vez superado o período de proba. Deberán figurar no contrato as compensacións específicas por este suposto, así como as derivadas do seu incumprimento total ou parcial. A compensación a que ten dereito o/a artista ten carácter de percepción extrasalarial, será fixada libremente polas partes e pode ser expresa ou englobada na retribución que vai percibir o/a artista.

As partes acordan fixar, como mínimo, un 30% do salario bruto mensual como compensación por este concepto.

O pacto de exclusividade ou plena dedicación non poderá ser rescindido unilateralmente polo/a artista durante a súa vixencia. Se o for, o/a artista indemnizará a empresa con dúas veces a porcentaxe pactada polo tempo que medie desde a rescisión unilateral polo/a artista ata a finalización do contrato.

No caso de que o/a artista non satisfaga esta indemnización, a empresa reserva para si as accións legais que considere oportunas.

3. Os contratos de traballo deberán ser asinados pola empresa e o/a artista con anterioridade ao inicio da prestación de servizos por parte do segundo. No mesmo acto da sinatura, un exemplar ten que lle ser entregado ao artista para a súa constancia, entre-

gándosele así mesmo, *a posteriori*, unha copia visada polo organismo competente.

As entidades sindicais e patronais a que, se é o caso, pertencen o/a artista e o/a empresario/a poderán solicitar do Inem ou entidade responsable as certificacións correspondentes da documentación presentada. O/a empresario/a poderá establecer por escrito un período de proba nos termos fixados no artigo 4 do Real decreto 1435/1985.

4. Establécese a obrigatoriedade de entregar por parte da empresa aos representantes legais dos traballadores/as (integrados na comisión mixta paritaria) unha copia básica de todos os contratos de traballo para a súa inspección, respectando os supostos de intimidade previstos na Constitución e na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal (LPD).

5. Este convenio vai acompañado dun contrato-tipo recollido no anexo III.

6. Terán a consideración de salario todas as percepcións que o/a artista teña recoñecidas fronte á empresa pola prestación da actividade artística, sen máis exclusións que as que deriven da lexislación vixente (artigo 7, punto 2º, Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial dos artistas en espectáculos públicos).

Artigo 7º.-Clasificación profesional.

O persoal afectado por este convenio clasificarase nas seguintes categorías:

-Categoría profesional 1ª (protagonista).

É aquel ou aqueles artista/s sobre o/s que recae a parte máis importante de obra, claramente destacado/s do resto.

-Categoría profesional 2ª (principal).

É aquel ou aqueles artista/s que sen ter as características do/s da categoría 1ª, ocupa/n un lugar relevante na representación dando apoio á trama xeral do espectáculo.

-Categoría profesional 3ª (secundario).

É aquel ou aqueles artista/s cuxa participación non supera a cantidade de trinta liñas ou versos, estas cun máximo de sesenta espazos mecanografados.

-Categoría profesional 4ª (elenco).

É aquel ou aqueles artista/s con pequenas achegas á trama xeral, con participación coral ou non, con texto, ou non, que non chega ás cinco liñas ou versos, estas cun máximo de sesenta espazos mecanografados por liña. No tocante ás compañías institucionais, non se prevé esta cuarta categoría.

Aquel artista que interprete tres ou máis personaxes será considerado automaticamente na categoría superior ao papel máis importante que interprete.

A empresa, logo de acordo co/coa director/a de escena, é a que determina en que categoría se encadra cada artista contratado/a.

Nos espectáculos de creación, a asignación do personaxe é facultade do director/a de escena, sempre respectando a categoría reflectida previamente no contrato. Enténdese por obra de creación aquela que non parte dun texto, ou aquela na que, partindo dun texto, o/a director/a fai unha interpretación que vai máis alá das intencións do autor/a.

No teatro de rúa ou coral todos os personaxes coa mesma entidade dentro da obra se encadrarán na categoría 2ª (principal), sen límite de personaxes para interpretar.

Artigo 8º.-Tipos de contratación.

O contrato de traballo poderá levarse a cabo por duración indefinida ou por unha duración determinada, segundo o establecido polo artigo 15 do Estatuto dos traballadores (E.T.) e o 5.1º do Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto.

1. Contrato de duración indefinida.

É aquel que pactan as partes de maneira que as súas prestacións se alonguen indefinidamente no tempo, sen límite de duración.

2. Contrato de duración determinada.

É aquel en que as partes fixan o tempo de duración coas seguintes modalidades: contratación temporal e sistema de prórrogas.

As modalidades de contratación temporal son:

a) Por unha ou varias actuacións (bolos). Por un ou varios ensaios (convocatoria).

Será considerada bolo aquela contratación por un día de representación.

Se no mesmo día e na mesma praza se producise unha segunda representación da mesma obra, a remuneración desta non será inferior ao 50% da retribución dun bolo.

No caso de que a segunda representación sexa doutra obra, a retribución desta será como mínimo do 75% , máis unha axuda de custo completa, sempre que se superen as seis horas e media de traballo. Cando sexa obrigado facer o desprazamento o día anterior ou posterior á función, aboarase nos días do desprazamento o 50% dun bolo, agás no caso de contrato corrido polo tempo de xira.

b) Por tempo certo (aquel que se formaliza con data certa de comezo e fin).

c) Por obra ou servizo (aquel en que a data de finalización é incerta xa que depende da duración do espectáculo que se vai facer).

3. O/a artista percibirá a retribución pactada con carácter mensual.

4. Segundo o Estatuto dos traballadores (artigo 29.1º, parágrafo 2) o/a traballador/a ou, coa súa autorización os seus representantes legais, terán dereito a percibir antes do día sinalado para o pagamento anticipos á conta do traballo xa realizado ata un máximo do 60% do salario líquido total.

5. O/a artista terá dereito a unhas vacacións anuais retribuídas de acordo co establecido no artigo 9.3º do Real decreto 1435/1985.

6. A empresa está obrigada a dar de alta o artista na Seguridade Social, no réxime especial de artistas, desde o primeiro día de contrato.

A documentación do salario realizarase mediante a entrega ao artista dunha nómina xustificativa do seu pagamento axustada ao modelo aprobado polo Ministerio de Traballo e Seguridade Social. Xunto con ela, e simultaneamente, seranlle entregados os xustificantes das actuacións (TC4/5) correspondentes ao período que se aboa, tal e como se establece no artigo 8.3º da Orde do 20 de xullo de 1987 pola que se desenvolve o Real decreto 2621/1986, do 24 de decembro. Estas formalidades adaptaranse sempre á lexislación vixente.

7. Os/as artistas encadrados nas categorías 1ª e 2ª, polo que se refire aos ensaios, serán contratados por todo o período de duración destes. Os do resto de categorías poden ser contratados tamén por convocatoria.

A contratación mercantil está expresamente excluída deste convenio e as partes asinantes comprométese a non realizala para a contratación de artistas de teatro.

Artigo 9º.-*Ensaíos.*

1. Serán considerados ensaios as prestacións laborais destinadas a preparar texto, movementos e manipulación do personaxe para a montaxe do espectáculo. Tamén serán considerados ensaios as xornadas de preparación da obra por cambio de idioma, así como calquera actividade artística ou de formación destinada á creación desta parte do proceso de creación do espectáculo ou preparación dalgunha técnica específica.

2. Queda excluída, en todo caso, a realización de ensaios gratuítos, de conformidade co establecido no Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto.

3. O período de ensaios deberá constar no contrato indicando a data de comezo, a duración prevista, así como a xornada; a empresa fixará un número mínimo de ensaios que garanta a calidade do espectáculo. O/a traballador/a coñecerá por escrito o horario de ensaios 10 días antes do inicio. Os ensaios comezan a contar desde a primeira convocatoria como ensaios corridos para as categorías profesionais 1ª e 2ª (protagonista e principal), e pódense contratar por convocatoria (modalidade temporal letra a.-modalidade ensaios), as categorías profesionais 3ª e 4ª (secundario e elenco).

4. As xornadas de ensaios, como a súa distribución, horarios e descansos son de acordo co establecido no artigo 14º deste convenio. Durante os ensaios a empresa comprométese a pór á disposición

do/a artista un espazo digno para o desenvolvemento do traballo.

Artigo 10º.-*Substitucións.*

1. O/a artista substituto/a e aqueles/as implicados/as no proceso substitutivo, terán dereito a percibir o salario correspondente ao ensaio ou ensaios preparativos que fosen precisos para formalizar a substitución. Por defecto o/a substituto/a terá a mesma categoría profesional e obrigas que tivese o/a substituído/a ou aquelas que acorden as partes no contrato.

2. Un/unha artista pode ser substituído/a por calquera outro/a artista da compañía por causas de forza maior, sempre que o/a substituto/a non acapare dous postos de traballo permanentemente.

Artigo 11º.-*Funcións.*

Enténdese por función a representación da obra ante o público que asiste ao lugar onde se realiza.

No caso de suspensión dunha representación por causa de forza maior ou non imputable á empresa, esta comunicarao cun mínimo de 5 días de antelación, así como a nova data de representación, se a houber.

Se a suspensión é definitiva e por causas non imputables á empresa, sempre respectando o prazo estipulado de 5 días, esta queda exenta de calquera compromiso de pagamento. En caso contrario, a empresa aboará a totalidade do salario pactado.

Se a suspensión se produce no mesmo día da representación e houbo traslado dos/as artistas, a empresa asume o pagamento da axuda de custo e do desprazamento.

Artigo 12º.-*Xornada laboral.*

A xornada laboral será de 37 horas semanais, que poderán ter unha distribución irregular cun máximo de 9 horas diarias.

1. En período de ensaios, a xornada laboral non pode superar as 37 horas semanais nin as 9 horas diarias. Establécese unha xornada irregular para a última semana de ensaios en que a xornada diaria non pode superar as 12 horas de ensaio e as 8 horas para o día anterior á estrea. En todos os supostos respectando o descanso semanal e diario que marca a lei, así como a proporcionalidade co cómputo anual máximo establecido polo Estatuto dos traballadores.

A xornada conta a partir da hora de convocatoria sempre que o/a artista estea presente. Durante os ensaios o/a artista disporá dun descanso retribuído de 20 minutos computado dentro da xornada por cada 4 horas de traballo. Se os ensaios son no exterior, o descanso será de 15 minutos cada 3 horas de traballo.

2. Horas extraordinarias.

Durante o tempo de ensaios considéranse horas extraordinarias aquelas que superen a xornada laboral establecida no punto 1 deste artigo. As horas extraordinarias serán remuneradas sempre que

superen en 15 minutos a xornada establecida no comezo deste artigo.

Estes 15 minutos teñen a consideración de finalización de traballo e son compensados con descanso semanal na mesma proporción ca as horas extraordinarias. A prestación de horas extraordinarias, tanto en período de ensaios como en funcións, regúlase baixo o seguinte criterio:

O montante da hora extraordinaria vén definido polo cociente do soldo bruto que percibe cada artista e o número de horas mensuais (148) máis o 60% do cociente.

Tal e como establece o Estatuto dos traballadores, a realización de horas extraordinarias ten un carácter voluntario e ambas as partes acordarán a súa realización.

3. Establécese un máximo de sete funcións á semana e dúas por día. No caso de que a obra teña unha duración inferior a 60 minutos, poderán facerse un máximo de tres por día respectando as sete por semana ditas e respectando tamén a xornada máxima das nove horas recollida no punto primeiro deste artigo.

4. A xornada laboral en período de representacións, sempre que non se realicen ensaios previos ou posteriores, comeza dúas horas antes da representación e remata trinta minutos despois da finalización desta.

5. No tocante aos descansos e vacacións, observárase o disposto no Real decreto 1435/1985.

6. No caso de ensaios previos e/ou posteriores ás representacións, a xornada laboral non poderá superar as oito horas diarias. De superarse a xornada, o exceso considerarase horas extraordinarias retribuídas segundo figuran no artigo 12.º2. Entre o ensaio e a representación, así como entre función e función, mediará como mínimo unha hora de descanso computado como tempo efectivo de traballo. Entre xornada e xornada transcorrerán como mínimo doce horas. Será considerada xornada laboral o tempo de desprazamento ao lugar de representación e de alí ao domicilio, cando se teñan que realizar o/s día/s anteriores e/ou posterior/es aos da representación, e por este concepto achegárase o importe correspondente a medio bolo.

Artigo 13º.-*Réxime de traballo.*

1. A organización práctica do traballo con suxeición a este convenio e á lexislación vixente é facultade exclusiva da dirección da empresa.

2. O/a artista está obrigado a interpretar o seu papel de acordo coas indicacións do director/a de escena e aténdose aos plans previstos pola empresa. Así mesmo dependerá exclusivamente do director/a de escena para todas aquelas cuestións de carácter artístico e da empresa no resto dos aspectos.

3. A empresa obrígase a pór á disposición do/a artista o texto da obra que se vai representar, co tempo e indicacións necesarias por parte do director/a da obra para a aprendizaxe do papel, a excepción dos casos considerados como de traballo en proceso

de creación (aqueles espectáculos en que se acorda a creación do texto en paralelo á montaxe do espectáculo), así como a facilitarlle ao artista os plans de traballo previstos pola empresa no momento da súa contratación.

4.a) No caso de que a transcendencia do papel aumentase como para ser considerado de categoría superior á concertada, o/a artista percibirá o salario correspondente a esa categoría superior, independentemente do contrato e da categoría especificada neste.

b) No caso de que o papel se vise recortado, como para ser considerado de categoría inferior á concertada, manterá o salario pactado no contrato de traballo.

5. Durante as representacións, a empresa reclamará da empresa «de local» poñer á disposición do/a artista un camerino digno e limpo, dotado de auga quente e calefacción. Tamén se reclamará pór á súa disposición duchas dotadas de auga quente e en bo estado de limpeza.

6. O/a artista só achegará o seu propio vestiario cando haxa un acordo manifesto coa empresa recollido expresamente no contrato. Neste caso se o vestiario achegado sufrise algún tipo de desperfecto ou dano por causas exclusivas de traballo, o/a artista terá dereito a unha indemnización dun importe que deberá ser pactado coa empresa.

7. Traballo de menores.

a) Os/as traballadores/as menores de dezoito anos non poderán realizar traballos nocturnos nin aquelas actividades ou postos de traballo que o Goberno, por proposta do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, logo da consulta coas organizacións sindicais máis representativas, declare insalubres, penosos, nocivos ou perigosos, tanto para a súa saúde como para a súa formación profesional e humana.

b) Prohíbeseles realizar horas extraordinarias aos menores de dezoito anos.

c) Capacidade para contratar: a autoridade laboral poderá autorizar excepcionalmente a participación de menores de dezaseis anos en espectáculos públicos, sempre que esta participación non supoña perigo para a súa saúde física nin para a súa formación profesional e humana. A autorización deberana solicitar os/as representantes legais do menor, xuntándolle o consentimento deste, se tivese o suficiente xuízo, e a súa concesión deberá constar por escrito, especificando o espectáculo ou a actuación para a cal se concede. Concedida a autorización, correspóndelle ao pai/nai ou titor/a a subscripción do correspondente contrato, que require tamén o consentimento previo do/a menor, se tivese suficiente xuízo; así mesmo, correspóndelle ao pai/nai ou titor/a o exercicio das accións derivadas do contrato.

Artigo 14º.-*Axudas de custo e gastos de desprazamento.*

Establécese unha axuda de custo completa ou media axuda de custo en función da xornada laboral, tomando como referencia a máxima de nove horas, polo tanto, cando se superen entre a saída do domi-

cilio social da empresa e a chegada despois da función as seis horas e media (correspondente a media xornada) pagarase unha axuda de custo completa. Para as compañías institucionais non se prevé a media axuda de custo.

Os gastos de desprazamento aboaranse a razón de 0,25 €/km (todo incluído) contados desde o domicilio fiscal da empresa, cando o/a artista utilice, logo de acordo coa empresa, o seu automóbil para realizar o desprazamento. No caso de que sexa posible e así se acorde, poderán utilizar o mesmo vehículo ata un máximo de catro persoas e aboaráselles, neste caso, a cantidade establecida só ao seu propietario/a. A empresa pode optar por facerse cargo do transporte.

Se a Axencia Tributaria modifícase o importe da tributación do km, a remuneración pactada neste convenio será revisada na mesma proporción que o faga aquela.

No referente ás axudas de custo e desprazamentos, cando a función sexa fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, e partindo deste convenio como base, negociaranse cos traballadores as melloras pertinentes adecuadas a cada situación.

Cando a compañía se faga cargo da durmida, esta producirase en establecementos hoteleiros que cumpran os requisitos mínimos exixibles a un hotel de tres estrelas, utilizando para o establecemento desta equivalencia a baremación propia para eses establecementos recollida no Decreto 267/1999, do 30 de setembro, polo que se establece a ordenación dos establecementos hoteleiros, así como as súas posteriores correccións. Este precepto podería non ser de aplicación só no caso de que nun raio de 10 km non se atope un establecemento destas características. Nese caso buscarase un de categoría inferior.

No tocante ás compañías institucionais, no caso de funcións fóra de Galicia, o gasto do aloxamento está incluído no importe da axuda de custo que figura na táboa correspondente.

Artigo 15º.-*Créditos e publicidade.*

1. Os nomes dos/as artistas aparecerán en todo o referente a programas de man, publicidade na internet e en carteleira nunha proporción adecuada ao tamaño do cartel, por orde de intervención ou alfabética, a criterio da empresa, reservándose esta a facultade de destacar, como cabeceira de cartel, o nome dun máximo de dous artistas.

2. Sempre que o/a artista estea en período contractual, terá a obriga de asistir a eventos de promoción do espectáculo tales como roldas de prensa, entrevistas en prensa, radio e televisión, segundo a estratexia de promoción da empresa. Se a promoción se realiza en período de bolos, o/a artista, mesmo sen ter obriga, procurará favorecer a publicidade do evento.

Cando os eventos sexan fóra do lugar de residencia da empresa, esta terá a obriga de lle facilitar ao artista un medio de transporte ou cubrir os seus gas-

tos de desprazamento, así como de lle pagar unha axuda de custo segundo o previsto no artigo 14.

A empresa utilizará a imaxe do/a artista para fins publicitarios relacionados unicamente coa promoción da obra. Así mesmo, comprométese a non manipulara de xeito que poida atentar contra a súa boa imaxe. Do mesmo xeito, o/a artista comprométese a non realizar publicidade contraria do espectáculo ou da empresa nestes actos.

Artigo 16º.-*Gravación, comercialización e venda.*

1. No suposto de filmación ou gravación dunha produción teatral ou fixación en calquera soporte multimedia para a súa posterior explotación comercial, o/a artista deberá dar o seu consentimento expreso para tal fin e, en todo caso, percibirá polo dito concepto unha retribución adicional á establecida neste convenio, segundo o establecido no anexo II. En calquera caso, será obxecto sempre dun contrato específico por este concepto.

En caso de gravación, o/a artista percibirá un incremento do 5% do seu salario de gravación pactado en concepto de dereitos de imaxe.

Establécense dúas posibilidades:

a) Que a representación se desenvolva exclusivamente para a súa filmación sen público. Neste caso, o/a artista cobraría o salario de gravación.

b) Que a filmación se desenvolva no escenario de actuación ante o público, neste caso, a remuneración será a consistente no salario de teatro máis o salario de gravación.

Se a captación se fixese para a súa retransmisión en directo, independentemente do medio polo que se efectúa esta, o/a artista percibirá, a maiores, un incremento do 25% do salario de gravación.

2. A empresa ten a facultade de facer unha gravación completa do espectáculo para o seu arquivo e/ou para o/s centro/s de documentación teatral nacional e autonómico, para uso docente con carácter non comercial, así como un anuncio cun máximo de dez minutos para uso publicitario e promocional, sen que en ningún dos dous casos xere remuneración ningunha para o/a artista.

3. A exhibición ou comercialización do produto teatral en calquera soporte multimedia sen autorización expresa e a retribución adicional indicada anteriormente poderán ser causa de demanda por parte do/a artista, que terá dereito á compensación polos correspondentes danos e perdas.

Artigo 17º.-*Publicidade do convenio.*

As empresas deberán expor nos centros de traballo, en sitio ben visible, un exemplar completo do convenio en vigor, así como as resolucións e actas da comisión mixta paritaria encargada da vixencia e seguimento do convenio colectivo.

Artigo 18º.-*Extinción do contrato.*

O contrato extinguirase de acordo co exposto no artigo 10 do Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto.

No caso de rescisión de contrato por parte da empresa sen motivo xustificado, esta deberá aboarlle ao/á artista as seguintes retribucións:

- a) Por contrato de 1 a 3 meses: 15 días de soldo.
- b) Por contrato de 3 a 6 meses: 30 días de soldo.
- c) Por contrato de 6 a 9 meses: 45 días de soldo.

1. O prazo de aviso previo á empresa para a rescisión unilateral do contrato por parte do/a artista queda fixado en 15 días naturais, agás os da categoría 1ª, na cal o aviso será de 30 días, e na categoría 2ª, que será de 21 días, salvo que se trate de obras musicais, en que o aviso será de 30 días. En todos os casos, se o/a artista non comunica co tempo estipulado de aviso a rescisión do contrato, estará obrigado a compensar a empresa, como máximo co aboamento do importe do salario correspondente aos días deixados de avisar. Estas indemnizacións serán igualmente aplicables no caso de despedimento procedente.

Artigo 19º.-*Responsabilidade profesional ante terceiros.*

O/a artista queda expresamente liberado de toda responsabilidade en caso de que o traballo profesional que se realice en virtude do contrato puidese ser motivo de reclamación xudicial por parte de terceiros, sempre e cando se ataña escrupulosamente ao texto e/ou indicacións da dirección.

Artigo 20º.-*Saúde laboral e perigosidade.*

1. As empresas e o persoal afectados por este convenio cumpriran as disposicións contidas na vixente Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais no traballo, así como o resto de regulamentos de especial aplicación á actividade específica da empresa.

2. Constituirase un Comité de Saúde Laboral no ámbito da comisión paritaria do convenio de acordo coas disposicións contidas nesta.

3. Prevención dos riscos laborais. O/a empresario/a deberá garantir a seguridade e a saúde dos/as traballadores/as en todos os aspectos relacionados co traballo.

4. O deber de prevención establecido no parágrafo anterior ten a consideración de deber laboral e supón, segundo o establecido nos artigos 4.2º d) e 19 do ET e neste artigo, a existencia dun correlativo dereito dos/as traballadores/as a unha eficaz protección.

5. Conforme o establecido no parágrafo anterior e no marco das súas responsabilidades, o/a empresario/a adoptará as medidas necesarias para a protección da seguridade e saúde dos/as traballadores/as, incluídas as actividades de prevención de riscos laborais, de formación e de información.

6. No caso de que o papel interpretado polo/a artista comporte algún exercicio perigoso (pelexa, acrobacia, manexo de armas, etc.) e, en xeral, para

calquera xogo escénico que poida representar un risco grave para a integridade física do/a artista, o/a empresario/a estará obrigado a constituír un seguro de responsabilidade civil que cubra os seguintes supostos: morte por accidente laboral e incapacidade total por accidente laboral, por unha cantidade non inferior a 30.000 €.

Artigo 21º.-*Réxime disciplinario.*

1. Toda falta cometida polos/as traballadores/as afectados/as por este convenio clasificarase atendendo á súa importancia, transcendencia ou intención, en leve, grave ou moi grave.

2. A empresa está obrigada a lle notificar por escrito con carácter informativo á representación sindical que se indique e/ou á comisión mixta paritaria a proposta de sancionar un/unha traballador/a por falta leve, grave ou moi grave, así como das causas que a xuízo da empresa xustifican esta sanción.

3. A información aos/ás representantes sindicais e/ou á comisión mixta paritaria realizarase nun prazo non superior a cinco días desde que lle sexa notificada a falta ao/á traballador/a.

4. Considéranse faltas leves, e poderán ser revisadas ou modificadas as outras condutas conforme acorde a comisión paritaria:

a) A falta de coidado na caracterización, no vestia-rio ou nos diferentes materiais utilizados.

5. Considéranse faltas graves, e poderán ser revisadas ou modificadas as outras condutas conforme acorde a comisión mixta paritaria:

a) A insubordinación manifesta ao empresario/a ou persoa que o represente, escoitado o/a traballador/a.

b) Tres faltas leves.

c) Unha falta de asistencia aos ensaios non xustificada.

d) Presentarse no lugar de traballo en condicións físicas non aptas para desempeñar o seu papel, cando isto obedeza a causas imputables ao traballador/a.

e) Unha falta de puntualidade sen a debida xustificación á función ou dúas ao ensaio, sempre que a demora non entorpeza a función ou ensaio nin lle impida ao interesado saír á escena no momento oportuno.

6. Considéranse faltas moi graves e poderán ser revisadas ou modificadas as outras condutas conforme acorde a comisión mixta paritaria:

a) As ofensas verbais ou físicas de calquera natureza exercidas sobre calquera traballador/a da empresa ou representantes desta.

b) O acoso sexual sobre calquera traballador/a da empresa ou representantes desta.

c) A embriaguez ou toxicomanía no centro de traballo.

d) Calquera acción que impida o normal desenvolvemento dunha función.

e) Falta de asistencia non xustificada a unha función.

f) A suma de tres faltas graves.

Artigo 22º.-*Sancións.*

As sancións máximas que poderán imporse en cada caso atendendo á gravidade da falta cometida, á reincidencia e á súa incidencia nas relacións laborais serán as seguintes:

a) Polas faltas leves: amonestación verbal ou por escrito.

b) Polas faltas graves: suspensión de salario de un a dez días.

c) Polas faltas moi graves: sancionaranse co despedimento e a empresa reservará para si a potestade de iniciar as accións legais que xulgue convenientes.

Artigo 23º.-*Dereitos sindicais.*

Os representantes dos/as traballadores/as e dos sindicatos asinantes deste convenio terán as garantías e os dereitos recollidos no Estatuto dos traballadores e na Lei orgánica de liberdade sindical.

Os/as artistas escollerán, entre o persoal artístico da compañía, un/unha portavoz que será o interlocutor válido ante a empresa, que poderá solicitar a intervención ante a Comisión Paritaria deste convenio e/ou a xurisdición do social (Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais para a solución de conflitos, AGA).

Para a efectividade desta tarefa, a empresa permitirá as reunións da compañía no centro de traballo fóra do horario laboral, coa asistencia, se é o caso, dos correspondentes asesores/as sindicais, logo de aviso á dirección. A empresa non poderá tomar represalias contra o/a portavoz/a polo exercicio desta función.

A representación dos traballadores/as e dos sindicatos asinantes deste convenio terán, entre outras, as seguintes funcións e competencias:

a) Coñecer os modelos de contrato de traballo escrito que se utilicen na empresa, así como os documentos relativos á terminación da relación laboral (copias de TC-2, TC-4/5, liquidacións e certificados de empresa), contando coa autorización expresa do/a artista no suposto das liquidacións.

b) Recibir a información que lles remita o sindicato.

c) Os/as representantes legais dos traballadores/as e os sindicatos asinantes deste convenio terán dereito a un taboleiro de anuncios que a empresa porá á súa disposición e que deberá situarse dentro do centro de traballo e en lugar onde se garanta un adecuado acceso a el dos/das traballadores/as e onde se poderán inserir avisos que lles poidan interesar.

d) Os/as representantes legais dos traballadores/as e os sindicatos asinantes deste convenio terán libre acceso aos centros de traballo, de acordo co artigo 77 e seguintes do Estatuto dos traballadores.

Artigo 24º.-*Nulidade do pacto.*

Toda cláusula contractual contraria ás estipulacións deste convenio será considerada nula de pleno dereito.

Artigo 25º.-*Comisión Mixta.*

1. No prazo máximo dun mes, contado desde a sinatura deste convenio, crearase unha comisión mixta paritaria constituída por representantes das organizacións empresariais e sindicatos asinantes do convenio coas seguintes funcións:

a) Interpretación auténtica do convenio.

b) Cantas outras actividades tendan á eficacia práctica do convenio e sexan acordadas polas partes.

c) Seguimento do seu cumprimento.

2. A comisión paritaria estará formada por tres vogais como máximo por cada parte máis tres suplentes por cada unha delas. As partes poderán ir acompañadas de asesores en número máximo de tres por cada unha delas, serán asesores permanentes da parte sindical un mínimo de dous representantes da *Asociación de Actores e Actrices de Galicia*. Designarase un presidente/a e un secretario/a que tomará nota do tratado e redactará acta.

A comisión paritaria reunirse:

a) Con carácter ordinario: unha vez cada tres meses.

b) Con carácter extraordinario: cando así o solicite unha das partes.

A convocatoria realizarase por escrito onde conste o lugar, a data e a hora da reunión, así como a orde do día que se lles remitirá aos membros con sete días de antelación.

Artigo 26º.-*Cláusula de desvinculación salarial.*

Este convenio, no ámbito da súa aplicación, entenderase, sempre, como de mínimos. Polo que calquera traballador/a, independentemente da súa modalidade contractual, sempre quedará acollido como mínimo a todos os dereitos que recolle este convenio, tanto sociais coma económicos.

De acordo coa actual lexislación, calquera empresa que necesite facer unha desvinculación salarial terá que negocialo, en primeiro termo, cos representantes/as dos/as traballadores/as, tanto no caso de que haxa ou non acordo, terá que ser transmitido á Comisión Paritaria do convenio, para que esta nun prazo máximo dun mes decida se procede ou non a desvinculación e en que condicións.

Transcorrido este tempo, de non haber acordo, ambas as partes se someterán aos mecanismos do AGA.

Enténdese que as empresas que necesitasen facer utilización desta fórmula terán que entregar toda a documentación que sexa requirida pola citada Comisión Paritaria.

Artigo 27º.-Remisións.

No non regulado por este convenio será de aplicación o Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, que regula a relación laboral de carácter especial dos artistas en espectáculos públicos, e o Estatuto dos traballadores.

Disposición derradeira

Durante a vixencia deste convenio o Centro Dramático Galego (CDG) comprométese a manter as condicións laborais máis beneficiosas en relación co aprobado neste convenio, vixentes no día de hoxe.

ANEXO I
Retribucións

Compañías privadas:

Establécense dous grupos de compañías e/ou espectáculos en función dos seguintes criterios:

Grupo A: aquelas compañías cun orzamento de produción e/ou unha/s subvención/s para o espectáculo obxecto da contratación superior aos 40.000 €.

Grupo B: serían aquelas que non acadasen os valores anteriormente citados.

-Ano 2009.

Compañías privadas grupo A.

Categoría	Mes (€)	Bolo (€)*
1ª Protagonista	1.535,76	Salario bruto × 12/365 + 110 = 161
2ª Principal	1.355,08	Salario bruto × 12/365 + 100 = 145
3ª Secundario/a	1.114,18	Salario bruto × 12/365 + 90 = 127
4ª Elenco	992,88	Salario bruto × 12/365 + 80 = 113
Axudas de custo Galicia	36**	36

-Ano 2009.

Compañías privadas grupo B.

Categoría	Mes (€)	Bolo(€)*
1ª Protagonista	1.280	Salario bruto × 12/365 + 110 = 153
2ª Principal	1.120	Salario bruto × 12/365 + 100 = 137
3ª Secundario/a	1.040	Salario bruto × 12/365 + 90 = 125
4ª Elenco	880	Salario bruto × 12/365 + 80 = 109
Axudas de custo Galicia	36**	36

* Os céntimos calcúlanse por exceso.

** A media axuda de custo é a correspondente á metade desta cantidade.

Anos 2010, 2011 e 2012, as mesmas táboas + 5%. O incremento anual do IPC aplicarase sobre o montante da táboa correspondente e á resultante sumaráselle a parte consolidada do IPC do ano anterior. A suma total constituirá o novo salario bruto.

En anos sucesivos o incremento será só o correspondente ao IPC pero sen máximos.

Compañías institucionais.

Categoría	Mes (€)	Bolo (€)
1ª Protagonista	2.879,15	231.635
2ª Principal	2.165,19	202.682
3ª Secundario/a	1.620,94	188.204
Axudas de custo Galicia	65,96	65,96
Axudas de custo fóra de Galicia	93,88	93,88

O importe do salario bruto mensual e por bolo das diferentes categorías profesionais recollidas na táboa salarial de compañías institucionais actualízase anualmente conforme os índices establecidos para o conxunto do persoal funcionario e laboral da administración titular da compañía institucional.

ANEXO II

-Retribución por gravación (compañías grupo A).

Protagonista: 322 €.

Principal: 290 €.

Secundario/a: 254 €.

Elenco: 226 €.

-Retribución por gravación (compañías grupo B).

Protagonista: 306 €.

Principal: 274 €.

Secundario/a: 250 €.

Elenco: 218 €.

-Retribución por gravación (compañías institucionais).

Protagonista: 463 €.

Principal: 405 €.

Secundario/a: 376 €.

ANEXO III
Contrato tipo

Contrato especial para artistas (Real decreto 1435/1985, do 1 agosto):

..., ... de ... de 200....

Reunidos:

Dunha banda..., con domicilio en..., rúa..., nº..., a empresa, representada neste acto por..., con NIF..., na súa condición de...

Datos da empresa:

-Cta. cotización Seguridade Social:

-CIF:

-Sector de actividade:

Doutra..., nado/a o... de... de..., con enderezo en..., DNI..., número de afiliación á Seguridade Social... e nome artístico..., que no sucesivo se denominará o/a artista.

Ambas as partes se recoñecen mutuamente suficiente capacidade e lexitimación para subscribir este contrato laboral, que someten ás seguintes

Cláusulas:

Primeira.-Contrátase o/a artista coa categoría de..., que interpreta o papel de..., na obra teatral..., orixi-

nal de..., que será producida pola empresa, baixo a dirección escénica de...

O contrato, que abrangue os ensaios e a interpretación do espectáculo mediante representación escénica, acóllese ao vixente convenio de actores e actrices de Galicia, así como o Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, e ao artigo 15.1º a) do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e faise segundo a modalidade contractual de... do día... ao día...

Segunda.-O/a artista percibirá a cantidade de... euros (...€), en concepto de..., incluídas as partes proporcionais das pagas extraordinarias a que, de ser o caso, houber lugar. Desta cantidade, que é bruta, efectuaranse as retencións e deducións legais pertinentes. No tempo de vixencia do contrato, o/a artista será dado/a de alta no réxime xeral da Seguridade Social na epígrafe de Artistas.

Os pagamentos ao/á artista faranse mensualmente e mediante...

Terceira.-Nas funcións que se realicen fóra do domicilio fiscal da empresa, o/a artista percibirá as cantidades estipuladas no convenio colectivo en concepto de axuda de custo completa ou media axuda de custo, segundo corresponda, que se farán efectivas mediante...

Cuarta.-A xornada laboral será a tempo completo e coa duración legal consonte o convenio vixente, ben que se acorda someterse á planificación que para isto marque a empresa coa debida antelación.

Os ensaios terán unha duración de..., comezarán o día... e rematarán o día..., ambos inclusive.

O/a artista terá dereito ao descanso semanal que será fixado pola empresa, sempre con suxeición ao disposto no convenio colectivo vixente.

Quinta.-No tempo de vixencia do contrato, o/a artista poderá ser convocado/a para actividades de promoción, nos límites sinalados no convenio colectivo vixente.

Para o caso de que a empresa desexe efectuar unha gravación do espectáculo, exclusivamente con fins de arquivo ou para a súa comercialización, observarase o establecido no convenio colectivo vixente.

Para o fin de realizar exclusivamente promoción en radio, televisión ou prensa, o/a artista autoriza a fixación fotográfica, fonográfica e audiovisual da súa interpretación. As gravacións de son ou imaxe precisas para tales fins en ningún caso terán unha duración de máis de dez minutos.

O/a artista autoriza o uso do seu nome artístico, *curriculum vitae* e biografía para a promoción da produción teatral obxecto deste contrato.

Para calquera tipo de publicidade en que apareza o elenco da obra, terase en conta o estipulado no convenio vixente.

Sexta.-Na súa relación artística, o/a artista seguirá as instrucións do/a director/a de escena. No resto de relacións contractuais, organizativas e laborais dependerá exclusivamente da empresa, sempre nos límites deste contrato e do convenio colectivo vixente.

Sétima.-Serán causas de extinción deste contrato as establecidas no convenio colectivo vixente, no Real decreto 1435/1985 e na demais normativa aplicable.

En proba de consentimento por ambas as partes, asínase este documento e entrégaselle unha copia del ao artista no lugar e na data do encabezamento.

O/a artista, asdo. A empresa, asdo. O/a representante dos traballadores/as, asdo.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 7 de abril de 2009, da División de Recursos Económicos, pola que se dispón a publicación do acordo de encomenda de xestión entre a División de Recursos Económicos e a Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, para a encomenda de actuacións para a contratación da subministración de cobertura cirúrxica para centros hospitalarios da Comunidade Autónoma de Galicia dependentes do Servizo Galego de Saúde.

A División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde e a Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense subscribiron, con data 23 de febreiro de 2009, un acordo polo que se lle encomenda á devandita xerencia xeral a xestión material do expediente de contratación mediante procedemento aberto da subministración de cobertura cirúrxica para centros hospitalarios dependentes do Servizo Galego de Saúde.

Para xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no punto 3 do artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común dispónse a súa publicación como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2009.

Francisco Pais López
Director xeral da División de Recursos Económicos